

CONCURSO DE POSTAIS DE ANINOVO

- Poderá participar **todo o alumnado, profesorado e persoal non docente da EOI**.
- O tema é **“DESEXOS PARA O ANINOVO”**.
- A técnica e o deseño serán libres, pero as postais deberán incluír **un desexo ou unha mensaxe orixinal para o ano 2025 en calquera das linguas que se estudan na EOI** (evitando os típicos “Feliz Aninovo”, “Bo 2025”, etc.).
- A extensión mínima do texto serán **50 palabras**.
- As postais elaboraranse en **tamaño A5** (148 x 210mm) e **entregaranse na Conserxería da EOI** antes do remate do prazo de admisión.
- Na parte traseira da postal deberá constar o **nome completo e a lingua de estudo do autor ou autora**. As postais nas que non figuren estes datos **non participarán no concurso**.
- Será condición indispensable que estas creacións sexan **orixinais e inéditas**.
- **O PRAZO DE ADMISIÓN DAS POSTAIS REMATARÁ O 18 DE DECEMBRO ÁS 14:00 HORAS. Prazo ampliado!**
- As postais presentadas ao concurso expoñeranse nos corredores da EOI e poderán ser publicadas na páxina web e nas redes sociais do centro.
- Un xurado composto polos membros do Equipo de Actividades Culturais escollerá **a postal gañadora absoluta, que será premiada cun vale de 30 € para mercar nunha librería local**.
- Un xurado composto polos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega escollerá **outra postal gañadora entre todas as postais escritas en lingua galega, que será premiada con outro vale de 30 €**.
- O veredicto de ambos xurados, que será inapelable, darase a coñecer antes das vacacións de Nadal. Os premios entregaranse á volta das vacacións.
- A participación no concurso supón a aceptación destas bases.